

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 28 DE XUULLO DE 2022.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as oito horas e catro minutos do 28 de xullo de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

Alcaldesa.- Boa tarde a todos e todas , imos dar comenzo á sesión ordinaria do pleno de 28 de xullo de 2022.Saúdos aos que nos seguen telemáticamente.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DAS ÚLTIMAS SESIÓN S CELEBRADAS, QUE FOI A DO 30 DE XUÑO DE 2022 .

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 29 de xuño; dúas; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xuño; nove; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; cinco; cinco, sobre bonificación IVTM; unha, sobre aprobación solicitude subvención; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de xullo; nove; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; cinco, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de xullo; seis; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; dúas; sobre expte. sancionador tramitado a unha actividade; unha, sobre concesión permiso por falecemento de familiar; unha, sobre concesión de vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 05 de xullo; cinco; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de xullo, catorce; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre requirimento; unha, sobre posto de capataz forestal; tres, sobre obrigas incumpridas en xestión de biomasa; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de xullo; dez; tres, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre obrigas incumpridas, en rel. xestión biomasa; unha, sobre suspensión prazo resolución; unha, sobre autorización colocación carpa; unha, sobre recoñecemento antigüidade; dúas sobre aboamentos.

Do 08 de xullo; quince; seis, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre requirimento; tres, sobre obrigas incumpridas en rel. biomasa; dúas, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre anulación vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 11 de de xullo; nove; dúas sobre fraccionamento débeda: unha, sobre inadmisión á trámite de solicitude; unha, sobre devolución fianza; unha, sobre concesión permiso por matrimonio; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público.; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de xullo; catro; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación dominio público.; unha, sobre aboamentos.

Do 13 de xullo; dez; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre liquidación plusvalía; tres, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre obrigas incumpridas en rel. xestión biomasa; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de xullo; seis; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre autorización cambio titularidade actividade; dúas, sobre concesión vacacións; dúas, sobre aboamentos.

Do 15 de xullo; oito; sete, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de agosto; vinte e oito; vinte e unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre cont-admtvo num.182/2022 E Cont-Admtvo. nº 2 ; unha, sobre remisión documentación ao Xulgado Cont-Admtvo nº 2; unha, sobre obrigas incumpridas en rel. xestión

biomasa; unha, sobre tribunal e lista de aspirantes auxiliar administrativo recadación; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xullo; dezasete; sete, sobre liquidación plusvalía; tres, sobre fraccionamento débeda; catro, sobre liq. taxa serv. ext. incendios e outros; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xullo; dez; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xullo; doce; cinco, sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre fraccionamento débeda; tres; sobre obrigas incumpridas xestión biomasa; unha, sobre aprobación prox. “mellora camiños parcelas agrícolas 2022- 2023; unha, sobre concesión servizo xantar na casa.

Do 22 de xullo; sete; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre requirimento; unha, sobre concesión servizo xantar na casa; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de xullo; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xullo; seis; dúas, sobre obrigas incumpridas xestión biomasa; unha, sobre adxudicación contrato; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xullo, cinco; unha, sobre obrigas incumpridas xestión biomasa; unha, sobre aboamento sanción; dúas, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xullo; unha, sobre obrigas incumpridas xestión biomasa.

3.- MOCIÓN BNG PARA A CREACIÓN DUN MERCADO DE PRODUTOS LOCAIS DO RIBEIRO.

A comisión informativa de Contas, Economía e Dereitos Sociais na súa sesión de data 21 de xullo de 2022 adoptou o seguinte ditame

A actual crise de prezos está a supor graves prexuízos tanto para os produtores agrícolas e artesáns como para os consumidores. Á habitual diferenza existente entre prezos en orixe e prezos no punto de venda, estase a engadir o aumento do custe dos suministros e combustibles, así como dos transportes, que reducen aínda máis as marxes para os produtores e están a

incrementar o prezo da cesta da compra. Fronte a este panorama, a venda directa é unha das mellores alternativas.

Ribadavia atesoura unha rica tradición de elaboración de alimentos (panadaría, repostería...) e produtos artesanais pero case sen relevo xeracional.

O Ribeiro ten un potencial agroalimentario que xera escaso valor engadido para los produtores, pois agás a produción vitivinícola están fora das canles habituais de comercialización. Mentres os consumidores só poden acudir en moitas ocasións a produción hortofrutícola procedente de centos de quilómetros de distancia.

Non obstante, están a se producir cambios nas tendencias de consumo dirixidas cara unha alimentación baseada en produtos de calidade vencellados ao territorio próximo, que abre novas oportunidades de negocio para os produtos locais. Fronte ao crecente abandono de terras, isto favorece o mantemento de cultivos no perímetro das nosas localidades, diversifica a actividade agrícola e artesanal achegando outras posibilidades de vida no noso rural.

Son moitos os municipios que están a favorecer estas redes de comercialización de proximidade para os produtos hortofrutícolas e artesanais, que amplían a oferta comercial dispoñible.

Se ben historicamente, se produce unha comercialización destes produtos nas rúas de Ribadavia durante as feiras e no verán, convén dignificar e ampliar as condicións en que se ven realizando.

1. O Concello de Ribadavia, en colaboración con outras administracións, promoverá a creación dun mercado de venda directa de produtos hortofrutícolas e alimentos artesanais producidos na comarca do Ribeiro.

2. As persoas que queiran comercializar produtos neste mercado deberán ser

produtores directos, non permitíndose a revenda de produtos

3. As persoas que queiran comercializar produtos neste mercado deberán figurar nun rexistro de produtores. Asemade, o Concello controlará o cumprimento dos demais requirimentos administrativos e hixiénico-sanitarios que sexan esixibles conforme a normativa xeral que regula este tipo de mercados.

4. O Concello de Ribadavia, en colaboración con outras administracións promoverá a recuperación dos cultivos hortofrutícolas e dos alimentos artesáns, a fin de favorecer a produción e elaboración de alimentos locais, social e economicamente sostibles, que respecten o medio ambiente e acheguen valor engadido á calidade dos alimentos e a saúde pública.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PP, PSOE e RENC. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Moi boa tarde aos compañeiros e compañeiras e á xente que nos segue.

O BNG se suma a tristura polo acaecido en Castrelo de Miño e a posta en valor da labor das persoas que loitan contra os incendios..

Me parece importante esta moción, durante a pandemia a xente cultivo máis as súas hortas. Os nosos produtos son moi ricos e se lles pode engadir un valor, calquera produto de produción propia e venda directa. Que se promova a creación dun mercado de estes produtos , se podería facer un rexistro de produtores. Sería un punto de referencia para os concellos limítrofes. Aparte do viño hai outros produtos a promocionar.

D César Fernández Gil (PP).- Sumarme as palabras da alcaldesa de solidariedade con Castrelo de Miño e recoñecemento aos traballadores que loitan contra os incendios.

A proposta sería unha fórmula que contribuiría ao non abandono da terra e a loita contra os incendios.

Estamos de acordo en implementar esta vías sempre que se cumpran todas as normativas para non ser competencia desleal. A explotación da terra é unha forma moi digna de gañar a vida. A colleita do pemento en Arnoia experimenta un gran descenso, é ilustrativo do sinalado.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Nos parece moi ben esta proposta, tamén se esta abordando como proposta de solución aos incendios.

Os veciños están cabreados polo desamparo; se fala da vida no rural como medida contra os incendios forestais. O rural está abandonado polas políticas públicas , que son competencia da Xunta de Galicia.

A Consellería de Medio Rural non fai as políticas públicas necesarias, esa é a cuestión. Para o ano volver a laiarnos, e así ano tras ano , ata que non quede monte. Feijoo ao inicio desta lexislatura dixo que ía a ser a lexislatura do rural, mentiu como minto agora diariamente dende Genova, unha sede manchada pola corrupción.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).-Grazas polo apoio. A moción favorece a venda directa, sen intermediarios. Favorece que a terra se cultive.

A xente maior non deixaba ermo ningún terreo, consumía o que producía. Non basta con laiarse, hai que chegar antes.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

4. – MOCIÓN BNG POLA RECUPERACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO EN RIBADAVIA E A SÚA BONIFICACIÓN.

A comisión informativa de Obras e Servizos Municipais na súa sesión de data 21 de xullo de 2022 adoptou o seguinte ditame

A crise enerxética e de prezos está a por de manifesto a importancia do transporte público. O propio Ministerio de Transporte defíneo como “un medio de transporte seguro, fiable, cómodo, económico e sostible, que nunha conxuntura extraordinaria de incremento sostido dos prezos da enerxía e os combustibles” é fundamental para asegurar a mobilidade cotiá da cidadanía, polo que se ven de anunciar a bonificación do tren de “Cercanías, Rodalies e Media Distancia” a partir de setembro.

O transporte público permite aforrar gasto en enerxía, reduce a conxestión e a sinistralidade do tráfico por estrada e axuda aos colectivos máis desfavorecidos da nosa sociedade a realizar os seus desprazamentos cotiáns.

No entanto, os servizos ferroviarios que se prestan en Ribadavia foron diminuindo polo que estas medidas que incentivan o uso do transporte público son impracticables para a nosa veciñanza, que continuará suxeita ao uso do vehículo privado. Hoxe só ten parada en Ribadavia un tren da liña de rexionais entre Ourense e Vigo, e se alguén se despraza de Ribadavia a Ourense xa non ten tren en que regresar a Ribadavia ate o día seguinte.

Algo semellante sucede co transporte público por estrada: a posta en marcha por parte da Xunta do sistema de bus baixo demanda está a resultar en que na práctica deixaron de circular os buses de liña que conectaban Ribadavia cos concellos da nosa contorna, ao que se lle engade a proposta do Ministerio de que os buses deixen de facer parada en Ribadavia nas liñas estatais.

Urxe recuperar os servizos perdidos de transporte público, sen os cales calquera medida de bonificación terá un efecto nulo nun territorio coma o noso excesivamente dependente do vehículo privado para todo tipo de desprazamento.

1. Demandar ao Ministerio de Transportes recuperación de tres servizos diarios (maña, mediodía e serán) de tren con parada en Ribadavia, que historicamente circularon na liña Ourense Vigo, para permitir os desprazamentos cotiáns bonificados à cidadanía do Ribeiro.

2. Demandar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que se manteña a anterior circulación (sen previa demanda) de buses ou minibuses na prestación do

servizo de liñas de autobús entre Ribadavia e os demais concellos e vilas da nosa contorna.

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol BNG ; reserváanse para o Pleno os membros do PSOE, RENC e PP.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.”

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Son dous puntos moi entendibles . Moitas comunidades autónomas teñen trens de cercanías, eiquí os poucos que temos desaparecen. Dende setembro hai certos traxectos de trens que parece ser que non se van a poder bonificar.

Respecto ao segundo punto do acordo,hai xente sen coche e que non poden pagar un taxi.

D César Fernández Gil (PP).- Imos votar a favor, nesa liña se aprobou unha moción no pleno anterior. A nosa intención sempre é apoiar.

D Brais Fidalgo Martínez , portavoz do goberno.- Ribeiro en común presentou varias mocións nesta liña. É unha cuestión transversal As Deputacións Forais vascas amparan o transporte público, eiquí a Deputación desampara o transporte. En Galicia , estando o PP no goberno, nunca se apostou por este transporte. O PP vota a favor , pero non move un dedo polo transporte público.

Imos votar a favor e reivindicar as administracións con competencias nesta materia.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

5.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Alcaldesa.- Saudar aos veciños de A Groba, As Chabolas, Seixo e Sanín.

Os grupos do PSOE e Ribeiro en Comun imos presentar unha moción de urxencia, se hai acordo dos outros grupos se pode tramitar como moción conxunta de todos os grupos municipais..

A urxencia fica aprobada por unanimidade.

Se acorda que a moción sexa conxunta de todos os grupos municipais.

Alcaldesa.-

A existencia de problemas na rede veciñal de subministro de auga dos núcleos da Groba, As Chabolas e O Seixo é un feito que se repite no tempo desde fai anos. Esta rede é veciñal, e non é de titularidade municipal. Aínda así, o Concello de Ribadavia ten dende o ano 2015 un proxecto aprobado para o abastecemento e saneamento na Groba, As Chabolas, O Seixo e Sanín.

A vontade e intención do Concello é a de levar a cabo este proxecto e poder así conectar estes núcleos do municipio de Ribadavia á rede municipal de subministro de auga municipal e de saneamento.

O Pleno do Concello de Ribadavia na súa sesión de 30 de setembro de 2021 aprobou entre outras cuestións, demandar da entidade Augas de Galicia o financiamento necesario para completar un Plan de remate da rede municipal de sumidoiros e a súa conexión integral coa estación depuradora de augas residuais do concello de Ribadavia.

Así mesmo, o Pleno do concello de Ribadavia aprobou en sesión de 25 de novembro de 2021 o seguinte acordo: "O pleno de Ribadavia apoia que os núcleos de A Groba, As Chabolas, O Seixo e Sanín se poidan sumar á rede municipal de saneamento e abastecemento de Ribadavia a través da realización do investimento necesario por parte da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Ribadavia do proxecto de abastecemento e saneamento destes núcleos poboacionais".

Este problema foi reiteradamente abordado polo Pleno Municipal, sempre na liña de respaldar a implicación municipal para buscar unha solución e ao mesmo tempo demandar de Deputación e Xunta de Galicia un apoio ao Proxecto similar ao que brindan noutros concellos de Galicia e da provincia.

Os propios veciños e veciñas presentaron as súas sinaturas co obxectivo de apoiar e respaldar este proxecto, en coordinación co Concello. Falamos de case a totalidade de veciños e veciñas da Groba, Chabolas, e o Seixo, que representa a sesenta e seis vivendas, con máis de 146 veciños e veciñas que solicitan que estes núcleos se sumen a través da realización deste proxecto á rede municipal.

Dende o Concello estase a colaborar coas redes veciñais, medidas que se reforzaron coa creación dunha partida propia nos orzamento para o exercicio 2022. Estas son accións puntuais e complementarias, pois a solución real e definitiva pasa por:

1.- A realización da obra contemplada no Proxecto redactado e aprobado no ano 2015 para As Chabolas, A Groba, O Seixo e Sanín, que só será posible a través do investimento de Augas de Galicia e da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

2.- A elaboración e execución dun Plan de remate da rede municipal de subministro e saneamento e a súa conexión integral coa rede de auga e coa estación depuradora de augas residuais do

concello de Ribadavia, para todos os núcleos do municipio que aínda non pertencen á rede municipal e se queiran sumar.

Por todo isto, propónse o Pleno Municipal de Ribadavia a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Reivindica o apoio e participación da Deputación Provincial e da Consellaría de Infraestruturas da Xunta na realización da obra contemplada no proxecto redactado e aprobado no ano 2015 para As Chabolas, A Groba, O Seixo e Sanín.

SEGUNDO.- Demanda a Augas de Galicia- Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia a elaboración e execución dun Plan de remate da rede municipal de subministro e saneamento e a súa conexión integral coa rede de auga e coa estación depuradora de augas residuais do concello de Ribadavia, para todos os núcleos do municipio que aínda non pertencen á rede municipal e se queiran sumar.

Non obstante a Corporación Municipal, co seu superior criterio, adoptará o acordo máis beneficioso para os intereses municipais.

María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É un tema que nos preocupa a todos, demandado por todos os grupos municipais. Entendemos perfectamente a demanda dos veciños, non é un tema novo. O BNG vai a votar a favor, non hai ningún grupo que non demandara isto.

Este tema non é de agora , do verán, é de todo o ano. Se deberá axudar dende o concello a obter a subvención.

En Santo André os veciños ten traballado moito neste tema, senón as cousas estarían peor. A auga é un servizo básico , non se debería ter que demandar. Os dos pobos pagan os impostos como os demais, non se debería ter que demandar.

Ten que haber colaboración de outras administracións, só dende o concello non se pode. Tamén debería colaborar a Confederación Hidrográfica , noutros concellos colabora en pontes ou vías peonís.

D César Fernández Gil (PP).- Boa tarde aos veciños e veciñas. Xa se falou en moitas ocasións de este tema, imos votar a favor. Entendo que o concello debería ocuparse da actualización do proxecto, do ano 2015 ao 2022 se incrementaron os custes. Estamos de acordo en que a proposta sexa conxunta. Estaríamos encantados de que se nos tivera convidado a participar nas reunións que houbo cos veciños.

Alcaldesa.- Os veciños pediron unha reunión coa alcaldesa.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Boa tarde aos veciños e agradecer a súa presenza. Non é un problema novo que xurde agora. O portavoz do PP coñecía este problema dende o ano 2015. Hai que facer cousas , non só falar, iso é o que levou ao noso grupo a gobernar.

Dende o ano 2015 houbo colaboración coas redes de auga, abordando os problemas inmediatos. Hai xente que non ten un ben básico como a auga. Os veciños e o concello demandan algo básico. Augas de Galicia e a Consellería de Infraestruturas son os que teñen a competencia. Se ven eiquí con boas palabras e se fai o contrario ao que se dice.

A última modificación orzamentaria da Deputación foi por un importe de 165 millóns de euros. Se deron subvencións por centos de miles de euros para saneamento a concellos como Oímbra ou Sarreaus. A Trasmiras se lle deron 250.000 euros para unha residencia da terceira idade.

A pesar do que dice o portavoz do PP, coñecía este tema dende o ano 2015 e non fixo nada.

A colaboración do concello existe e vai continuar . Isto non pode quedar nesta moción e neste pleno. Hai que arrancar un compromiso firme nos orzamentos públicos, como mínimo, para estes pobos.

Alcaldesa.- O día 28 de outubro de 2021 tiveron unha reunión coa Directora de Augas de Galicia sobre este tema e me remitíu á Consellería de Infraestruturas. Solicitei unha reunión coa conselleira de infraestruturas e aínda non hai nin resposta.

O concello non pode asumir proxectos desta magnitude. Se hai vontade as administracións non debían dar a espalda aos veciños.

Teño solicitada unha reunión co presidente da Confederación Hidrográfica para falar de este tema. Eu , como alcaldesa, tratarei de que a Confederación asuma esta competencia, que non lle corresponde.

Falar da alza do prezo dos materiais son excusas, cando hai un veciño que ten o pai encamado e sen auga, me da vergoña.

O concello asume a nova captación como axuda a corto prazo.

Demandar que Augas de Galicia e a Deputación axuden no enganche á rede.

D Alberto Vázquez.- Grazas por invitarnos , o problema é urxente. A calidade da auga é non apta, xa non se trata só de problema de abastecemento. Hoxe non hai auga, a xente non se pode nin duchar.

Pedimos que haxa unión dos políticos e se loite polos veciños.

A busca dunha nova captación sería un parche.

Pedimos a máxima colaboración de todos os partidos.

D Alberto Sierra.- Preguntar al portavoz del PP , por qué no nos apoyas en este tema en la Diputación , intenta ayudarnos un poco. Pido que nos echéis una mano desde la Diputación, podíais hacer cosas. Nosotros estamos dispuestos a ayudar. La parte del PP que no ponga trabas.

Todos somos vecinos, para vivir en un pueblo hace falta tener servicios. Tira de la teta de la vaca de la Diputación , que hay leche para sacar.

D César Fernández Gil (PP).- Ya anunciamos o voto a favor e estamos encantadísimos de colaborar.

D Alberto Sierra.- Que nos ayudeis a salir de este impasse. Hay una labor ingente por realizar.

Alcaldesa.- A esta discriminación é algo que estamos acostumbrados desgrazadamente. Este grupo de goberno vai a axudar en todo o que poida. Non pode haber veciños de primeira, de segunda e de terceira.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Rogo que haxa unha previsión para os incendios durante todo o ano, que non pase o mesmo todos os anos.

Que os camiños estén o máis limpios posibles de cara a vendimia. Preguntar se vai a haber un auxiliar da Policía local para momentos puntuais como a Festa da I storia. Solicitar que se celebre a reunión da Fundación de Prexigueiro.

Alcaldesa.- A reunión da fundación vaise celebrar en breve.

María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Hai problemas coas pombas na Alameda.

A Zona Franca está tendo contactos para a implantación de empresas en Ourense, preguntar se tivo contactos co concello. Non se fixo publicidade do Premio María Moliner para a biblioteca municipal..

Non me pareceu oportuno que a feira do día 25 se celebrase o día 25.

Alcaldesa.- Sobre a auga Aqualia solicitou restriccións , se vai a publicar un bando, prohibindo o rego e enchido de piscinas. Os cortes de auga serán a última medida, sempre se buscará causar o menor transtorno posible.

Sobre o premio María Moliner, hoxe se falou coa prensa, o concello non lle pode impoñer o planning á prensa.

Non hai previsión de contratar auxiliares da policía local.
Non houbo contactos coa Zona Franca.

D César Fernández Gil (PP).- Pedir copia do proxecto da reforma da rúa Veronza e das autorizacións sectoriais.

Respecto ao sendeiro e rampla no camiño do río, reiterar a solicitude do proxecto e das autorizacións sectoriais.

Sobre a orde da Confederación Hidrográfica de reposición da legalidad dun vial no parque empresarial, preguntar en que situación se atopa ese expediente.

Se se presentou solicitude para un Obradoiro de Emprego.

Alcaldesa.- Tomamos nota das solicitudes.

Respecto ao vial do Parque Empresarial, está no contencioso administrativo.

Non se solicitou o obradoiro de emprego.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Que se repasen os bordes do camiño de O Castro a Santa Cristina. Que se actúe tamén no camiño do Seixo a Sanín.

Na estrada de Castrelo, a altura da casa dos Ramirás, hai un burato na traída, que se tape.

Os focos da festa de A Quinza quedou algún encendido.

Hai farolas fundidas en San Paio, Valdepereira, subida O Coto, enfrente do Pazo Carballo.

Hai que evitar que prenda o lume, pedir un aumento da vixiancia.

Que non se fagan tarefas que poida prender o lume.

Alcaldesa.- Tomamos nota. O concello efectuou máis de cen requerimentos para limpeza de fincas, máis de trinta publicados no BOE. As churrascadas na Veronza están prohibidas. Recordar que a prevención nos montes é competencia da Consellería de Medio Rural.

E sendo as nove horas e dezaoto minutos e non habendo máis asuntos que tratar a alcaldesa- presidenta levanta a sesión-